

**ANEXO Á ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SANEAMENTO
TAXA POR SANEAMENTO**

USO DOMÉSTICO:

Mínimo ata 15 m ³ / mes.....	0,10
Exceso de 15 m ³ / mes	0,27

USO NON DOMÉSTICO:

Mínimo ata 15 m ³ / mes.....	0,35
De 15 a 33 m ³ / mes	0,57
De 35 a 100 m ³ / mes	0,79
Exceso de 100 m / mes	1,08

DEREITOS DE ACOMETIDA

Vivendas ou locais.....	122,73
Colexios ou centros de ensinanza.....	315,47
Fábricas, industriais, talleres, etc	135,38
Almacéns e locais exposición mercancia	43,31

**ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS
E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS**

ARTIGO 1. – FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polos artigos 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por licencias urbanísticas e outros servizos urbanísticos a que se refire o artigo 20 h)” que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

ARTIGO 2. – FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar si as construcións, instalacións e obras, así como as demais operacións sometidas a licenza ou trámite equivalente ou sustitutorio pola Lei ou Normas subsidiarias de Planeamento e os supostos en que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa que haxan de realizarse no termo municipal axústanse ás normas urbanísticas, ás de actividades industriais e ás de policía contidas na lexislación e regulamentación vixentes e vos demais servizos urbanísticos indicados non ANEXO

ARTIGO 3. – SUXEITO PASIVO

1. – Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten o resulten beneficiados o afectados os servizos ou prestacións a que se refire a presente ordenanza.

2. – En todo caso terán a consideración de substitutos do contribuínte os constructores e contratistas de obras.

ARTIGO 4. – RESPONSABLES

Terán a consideración de responsables solidarios e subsidiarios as persoas físicas ou xurídicas sinalados como tales pola Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. – BASE IMPOÑIBLE

1. Constitúe a base imponible da Taxa:

- a) O custo real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.

- b) O custo real e efectivo da vivenda, local ou instalación, cando se trate da primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos.
- c) O valor que teñan sinalados os terreos e construcións para os efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis, cando se trate de parcelacións urbanas e de demolición de construcións.
- d) O custo real e efectivo dos carteis de propaganda colocados en forma visible dende a vía pública.

2. Do custo sinalado nas letras a) e b) do número anterior exclúese o correspondente á maquinaria e instalacións industriais e mecánicas, gastos xerais, beneficio industrial, IVA, e honorarios técnicos.

3. Nas prórrogas de licencia, se tomará como base o presuposto de obra pendente de realización, según certificación expedida polo director técnico da obra.

ARTIGO 6.—COTA TRIBUTARIA

A cota desta Taxa será a que figure no anexo desta Ordenanza.

ARTIGO 7.—EXENCIONS E BONIFICACIONES

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción desta Taxa, que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

ARTIGO 8.—DEVENGO

1. Devéngase a Taxa e nace a obrigaçión de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licencia urbanística, declaración responsable ou comunicación previa.

2. Cando as obras se iniciaran ou executaran sen obter a oportuna licencia, ou presentado a declaración responsable ou comunicación previa, a Taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente por infracción tributaria e con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a autorización desas obras ou a súa demolición se non foran autorizables.

3. A obrigaçión de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada pola denegación da licencia solicitada, nin pola concesión da licencia condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a mesma ou presentada a declaración responsable ou comunicación previa e iniciada a actividade municipal de control.

ARTIGO 9.—DECLARACION

1. As persoas interesadas na obtención dunha licencia de obras presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, acompañando proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e o lugar de emprazamento, na que se faga constar o importe estimado da obra, medicións e destino do edificio, e o cuestionario a que fai referencia o artigo 2 de D. 69/89, do 31 de marzo da Xunta de Galicia.

2. Cando se trate de licencia para aqueles actos no que sexa esixible a formulación de proxecto suscrito por técnico competente, á solicitude acompañarase un presuposto de obras a realizar, con descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e, en xeral, das características da obra ou acto ós datos do cal permitan comprobar o custo daqueles

3. Se despois de formulada a solicitude de licencia se modificase o ampliase o proxecto deberá poñerse en coñecemento da Administración municipal, acompañando o novo presuposto ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

4. — Nas obras ligadas ao acondicionamento dun local para desempeñar unha actividade comercial das previstas no artigo 2 do Real Decreto Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servicios, cando non requiran da redacción dun proxecto de obra de conformidade coa Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, a declaración responsable ou comunicación previa deberá ir acompañada da documentación ao efecto esixible en cada caso determinada polo concello de conformidade coa normativa vixente, facendo mención expresa á data en que se de inicio á execución das obras e prazo de duración estimada ata a súa completa finalización. En caso de non indicar a data se entenderá que a obra se iniciará a partir da declaración responsable ou comunicación previa.

5. As licencias conterán na súas determinacións o prazo de iniciación, o prazo máximo de execución e o período máximo en que pode estar interrompida a execución das obras por causa imputable ao promotor da obra. Ao efecto de fixar a data máxima de finalización, o proxecto que acompañe á solicitude de licencia deberá conter indicación do prazo normal de execución da obra.

ARTIGO 10.—LIQUIDACION E INGRESO

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, debendo o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude de licencia, declaración responsable ou comunicación previa, acreditar o ingreso do importe total estimado da débeda tributaria a conta da liquidación que en definitiva corresponda.

2. A Administración municipal poderá comprobar o custo real e efectivo unha vez rematadas as obras, e a superficie dos carteis declarada polo solicitante, e, a vista do resultado de tal comprobación, practicarase a liquidación definitiva que proceda, con deducción, no seu caso, da liquidación inicial.

3. No caso de parcelacións urbanas e demolición de construcións, a liquidación que se practique, unha vez concedida a licencia, sobre a base impoñible que lle corresponda, terá carácter definitivo salvo que o valor sinalado no Imposto sobre Bens Inmóbeis non teñan este carácter.

ARTIGO 11.—CADUCIDADE DAS LICENCIAS

As licencias urbanísticas concedidas caducarán no prazo que se especifique na licencia. No caso de que non se especifique na licencia, o prazo será de seis meses para comezar as obras e tres para rematalas. Terminado o prazo quedará caducada previo o oportuno expediente, agás que anticipadamente se solicite e obteña, no seu caso, prórroga regulamentaria. As prórrogas que se concedan levarán igualmente fixado o prazo que como máximo será o da licencia primitiva (art. 197 LOUG).

ARTIGO 12.—INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria. Disposición Adicional. A exacción desta Taxa é compatible co Imposto Municipal sobre Construcións, Instalacións e Obras.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ANEXO Á ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS
TAXA LICENCIAS URBANÍSTICAS**

a) Sobre o orzamento de execución material de obras dentro do casco urban	0,60%
b) Sobre o valor que teñan sinalados os terreos e construcións a efectos do IBI	0,60%
c) Sobre o orzamento de execución material de industrias de fabricación ou transformación de produtos	0,13%
d) Sobre o orzamento de execución material de obras de carácter social, cultural, benéfico e recreativo	0,13%
e) Sobre o orzamento de execución material de obras fóra do casco urban:	
1. Se o orzamento de execución é menor de 42.070,85 €	0,30%
2. Se é superior a dita cantidade	0,60%
f) Información urbanística	100,78 €
g) Parcelacións urbanísticas, por cada parcela resultante	90,00 €
h) Cota mínima a liquidar	50,00 €
i) Peche de solares, hortas, etc. MI	0,83
j) Peches con valos, etc, en obras. MI	0,28
k) Pozo artesano ou de barrera	24,83
l) Rampas de acceso a leiras ou inmobles de pavimento formigón, por m2	27,10
m) Cambio de tella por m2	0,28
m.1) Reparación e reposición material cubrición por m2	0,50 €
n) Licenzas primeira ocupación:	
1. Vivendas ata 100 m2	82,74
2. Vivendas de 101 a 150 m2	119,31
3. Vivendas de 151 a 200 m2	248,46
4. Vivendas de 201 m2 e máis	414,12
o) Cambio titularidade de obra e actividade	150,00 €
p) Autizacións previas solo rústico	100,00 €
q) Calquer outro trámite administrativo á licencia de obra, comunicación previa ou declaración responsable non inculida nas anteriores	85,00 €
r) Solicitudade declaración ruina	308,70 €

**ORDENANZA FISCAL Nº 13 REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA,
GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECEMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS
DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES
E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS**

ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polos artigos 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, este concello establece a 'Taxa por servicios de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos, incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas', que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible da taxa a prestación dos servicios de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos, incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS

1. Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rías ou vías públicas nas que se preste o servicio, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

2. Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os/as propietarios/as das vivendas ou locais que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servicio.